



Regulamento para a realización do traballo de fin de grao ou mestrado da Escola Politécnica Superior

1. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto deste regulamento é establecer as bases de actuación e os procedementos de traballo relativos á asignación, presentación, defensa e cualificación do traballo de fin de grao (en diante TFG) ou mestrado (en diante TFM) que todo o alumnado debe realizar e superar para obter o correspondente título académico que acredita a formación recibida. O seu ámbito de aplicación abrangue as seguintes titulacións:

- Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica (profesión regulada pola Orde CIN/350/2009)
- Grao en Enxeñaría Mecánica (profesión regulada pola Orde CIN/351/2009)
- Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais
- Programa de simultaneidade do Grao en Enxeñaría Mecánica e do Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica
- Mestrado Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica (profesión regulada pola Orde CIN/309/2009)
- Mestrado Universitario en Enxeñaría Industrial (profesión regulada pola Orde CIN/311/2009)
- Mestrado Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos

O Mestrado Universitario en Materiais Complexos: Análise térmica e Reoloxía, guírase polo convenio da dobre titulación asinado entre as dúas universidades (UDC e Universidad Paris Diderot) e pola normativa e procedementos específicos establecidos na UDC pola vicerreitoría correspondente.

2. Órganos de control e seguimento do TFG/TFM

Cada unha das titulacións antes citadas formará parte dalgunha comisión que realizará as xestións relativas á publicación de ofertas de TFG/TFM, asignación, presentación e defensa dos mesmos de acordo coas funcións que se establecen máis adiante neste regulamento.

2.1. Composición das comisións de traballos fin de grao e/ou mestrado

Cada unha destas comisións estará composta polos seguintes membros:

- Comisión de traballo fin de grao e de mestrado no ámbito da enxeñaría industrial:
 - a) O/a director/a da Escola Politécnica Superior (EPS), como membro nato, ou o/a profesor/a en que delegue, que actuará como presidente/a.
 - b) O/a coordinador/a máis novo das titulacións que abrangue dita comisión, que actuará como secretario/a.



- c) Os/as coordinadores/as das restantes titulacións que abranguen esta comisión, que actuarán como vogais.
- d) O/a administrador/a da EPS, ou membro do persoal de administración e servizos da EPS en que delegue, como membro nato.
- e) Dous representantes electos/as do alumnado, un do grao e outro do mestrado, que deberán estar matriculados/as na titulación.

Esta comisión abrangue as seguintes titulacións:

- o Grao en Enxeñaría Mecánica
 - o Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais
 - o Mestrado Universitario en Enxeñaría Industrial
- Comisión de traballo fin de grao e mestrado no ámbito da enxeñaría naval:
 - a) O/a director/a da Escola Politécnica Superior (EPS), como membro nato, ou o/a profesor/a en que delegue, que actuará como presidente/a.
 - b) O/a coordinador/a máis novo das titulacións que abrangue dita comisión, que actuará como secretario/a.
 - c) O/a coordinador/a da outra titulación que abrangue dita comisión, que actuará como vogal.
 - d) O/a administrador/a da EPS, ou membro do persoal de administración e servizos da EPS en que delegue, como membro nato.
 - e) Dous representantes electos/as do alumnado, un do grao e outro do mestrado, que deberán estar matriculados/as na titulación.

Esta comisión abrangue as seguintes titulacións:

- o Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica
 - o Mestrado Universitario en Enxeñaría Naval
- Comisión de traballo fin de grado do Programa de Simultaneidade do grao en Enxeñaría Mecánica e o Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica:
 - a) O/a director/a da Escola Politécnica Superior (EPS), como membro nato, ou o/a profesor/a en que delegue, que actuará como presidente/a.
 - b) O/a coordinador/a do programa de simultaneidade GEN_GINO, que actuará como secretario/a.
 - c) O/a coordinador/a do grao en Enxeñaría Mecánica, que actuará como vogal.
 - d) O/a coordinador/a do grao en Enxeñaría Naval e Oceánica, que actuará como vogal.
 - e) O/a administrador/a da EPS, ou membro do persoal de administración e servizos da EPS en que delegue, como membro nato.



- f) Un/ha representante electo/a, que deberá estar matriculado/a na titulación.
- Comisión de traballo fin de Mestrado Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos
 - a) O/a director/a da Escola Politécnica Superior (EPS), como membro nato, ou o/a profesor/a en que delegue, que actuará como presidente/a.
 - b) O/a coordinador/a do Mestrado de Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos, que actuará como secretario/a.
 - c) O profesores responsables das asignaturas TFM e Obradoiro de Desenvolvemento de Videoxogos, que actuará/n como vocal/es. De coincidir nunha mesma persoa, o director da EPS nomeará o segundo destes vogais.
 - d) O/a administrador/a da EPS, ou membro do persoal de administración e servizos da EPS en que delegue, como membro nato.
 - e) Un/ha representante electo/a do alumnado, que deberá estar matriculado/a na titulación.

Os membros que non se declara natos destas comisións serán renovados coincidindo coa renovación da Xunta de Escola, ou ben cando se modifique a condición dos membros natos ou se altere por calquera circunstancia a composición desta comisión.

2.2. Funcións das comisións

As funcións das comisións de traballos serán estas:

- a) Aprobar a oferta de títulos, alcance e directores dos TFG/TFM, así como as súas posibles modificacións.
- b) Establecer a documentación que cómpre desenvolver para cada TFG/TFM.
- c) Determinar o formato de presentación dos TFG/TFM, que será uniforme para a Escola Politécnica Superior e que se recollerá no procedemento para a realización do TFG/TFM.
- d) Nomear os tribunais avaliadores dos TFG/TFM.
- e) Establecer o calendario de defensa dos TFG/TFM en cada curso académico.
- f) Vixiar o cumprimento do calendario de defensa dos TFG/TFM.
- g) Velar polo cumprimento deste regulamento e interpretar o seu contido, no caso de ser necesario.
- h) Resolver as situacións extraordinarias que excepcionalmente puideren xurdir na aplicación deste regulamento.
- i) Realizar as propostas de modificación deste regulamento que se estimaren convenientes.

3. Tribunais avaliadores do TFG/TFM



Para cada un dos TFG/TFM que teñan que ser cualificados, a comisión correspondente nomeará un tribunal avaliador que estará constituído por profesorado pertencente a algún dos departamentos con docencia na titulación, de acordo coa seguinte composición:

- a) Un/unha presidente/a elixido/a pola Comisión de traballos.
- b) Un/unha secretario/a, que será o/a coordinador/a da titulación obxecto do traballo, ou o/a profesor/a en que delegue, como membro nato.
- c) Un/unha profesor/a, que actuará como vogal, e que deberá ser membro do profesorado dos departamentos con docencia no centro e ter docencia afín ou acreditada investigación no tema de que for obxecto o TFG/TFM.

Para cada un dos postos do tribunal avaliador cumpre nomear un/unha titular e un/unha suplente. Para constituír o tribunal requirirase a presenza de todos os seus membros.

4. Temas que poden ser obxecto do TFG/TFM

Poderán ser obxecto dun TFG/TFM todos aqueles proxectos no ámbito do título correspondente, e nos que se sintetizaren as competencias adquiridas nas correspondentes ensinanzas.

Calquera membro do profesorado dos departamentos con docencia no plan de estudos do título obxecto do traballo poderá realizar propostas de TFG/TFM ao/á presidente/a da correspondente comisión de traballos.

Os alumnos/as poderán propoñerlles TFG/TFM aos/ás profesores/as dos departamentos con docencia no plan de estudos do título obxecto do traballo para que estes lle transmitiren a proposta á comisión de traballos que corresponder. Poderán realizarse TFG/TFM en colaboración con empresas, institucións públicas ou privadas, centros tecnolóxicos ou universidades, sempre de cumpriren coa condición imprescindible para a súa aceptación de seren propostos por algún membro do profesorado dun departamento con docencia no plan de estudos do título obxecto do traballo.

As ofertas de TFG só poderán ser solicitadas no curso académico no que se publiquen.

Á vista dos títulos ofrecidos, o alumnado formulará a súa solicitude de asignación de TFG/TFM á comisión oportuna ao longo do curso académico de acordo co procedemento establecido.

Os traballos de varios alumnos, aínda que teñen carácter individual, poderán agruparse nun único proxecto de maior envergadura naquelas titulacións que o contemplan na súa memoria de verificación. Nese caso, a cualificación será individual en función da achega de cada un dos alumnos ao proxecto, e esta achega terá que ser especificada de forma clara na memoria.

5. Dirección académica do TFG/TFM

Todos os TFG/TFM terán asignado un/unha director/a, que deberá ser membro do profesorado dos departamentos con docencia no plan de estudos do título obxecto do traballo.



Tal profesor/a será responsable de:

- a) Expoñerlle ao alumnado cuxa titoría exerza as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento.
- b) Realizar o seguimento da elaboración do TFG/TFM e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Autorizar a presentación e defensa do TFG/TFM.

O TFG/TFM poderá ser dirixido por un máximo de dúas persoas. Neste caso, cando menos unha delas deberá ser un membro do profesorado dos departamentos con docencia no plan de estudos do título en que estiver matriculado o/a estudante. Se a outra persoa non é persoal docente ou investigador da UDC ou de calquera outra universidade, deberá pertencer a unha entidade coa que exista un convenio de prácticas que permita que o/a estudante poda desenvolver parte do TFG/TFM o a súa totalidade nesa entidade, e a persoa deberá colaborar na definición e o desenvolvemento do TFG/TFM.

6. Depósito do TFG/TFM

Poderá depositar o TFG/TFM para a súa defensa aquel alumnado que superase a totalidade dos créditos da titulación.

Cando o/a estudante quixer defender o TFG/TFM deberá solicitalo a través da secretaría virtual do estudante dentro do prazo que o centro establecer para cada convocatoria. O impreso xerado tras a solicitude deberá ser entregado na administración do centro xunto co TFG/TFM.

Cando concorrer circunstancias excepcionais que o alumnado acredite documentalmente, poderá formular unha solicitude de defensa extraordinaria, fóra dos prazos establecidos. A dita pretensión deberá ser entregada na Administración da Escola e será resolta pola correspondente comisión de TFG/TFM.

O TFG/TFM poderá estar realizado en calquera dos idiomas empregados na impartición do título obxecto do traballo, de acordo co disposto na memoria de verificación do título.

7. Defensa e cualificación do TFG/TFM

O/a presidente/a da comisión de TFG/TFM convocará a cada alumno/a e ao tribunal avaliador para a defensa do seu TFG/TFM, mediante a publicación do día e hora de defensa na plataforma electrónica da materia na UDC e na páxina web do centro.

A defensa do TFG/TFM poderá efectuarse en calquera dos idiomas empregados na impartición do título obxecto do traballo, de acordo co disposto na memoria de verificación do título.

O alumnado defenderá os seus TFG/TFM de forma pública e presencial. No caso de que o/a estudante solicite de forma motivada e acreditada defender o TFG/TFM de forma non-presencial, cumprirá que faga a súa solicitude ante a comisión de TFG/TFM, para que a autorice ou non. Isto sempre de se daren as condicións legais, técnicas, administrativas e económicas que o permitiren.



Se o tribunal estima oportuno aceptar o TFG/TFM para a súa defensa, o/a alumno/a deberá expor e defender o seu traballo durante un tempo máximo definido pola comisión. A exposición e defensa do TFG/TFM será pública. A continuación os membros do tribunal poderán facer as preguntas que consideren oportunas para cualificaren o TFG/TFM durante un tempo máximo definido pola comisión.

Concluída a exposición e oídas as respostas do/a alumno/a, o tribunal deliberará a porta pechada e determinará a cualificación que corresponda ao TFG/TFM, ou ben, de así proceder, devolverá este ao alumno/a para a súa modificación ou mellora. Á hora de cualificar o TFG/TFM o tribunal valorará os seguintes aspectos definidos na guía docente:

- a) A adecuación do contido aos obxectivos planificados.
- b) Os aspectos técnicos e/ou cualitativos do traballo relativos á adquisición das competencias obxecto da titulación.
- c) A exposición oral e as respostas ás preguntas realizadas.
- d) Os aspectos formais da documentación.

A cualificación do TFG/TFM comunicarase na mesma data da súa defensa e redactarase unha acta individual para tal efecto. Esta cualificación outorgarase en función da escala numérica establecida no Real Decreto 1125/2003, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa. Poderá acceder á mención de matrícula de honra o alumnado que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, segundo o criterio do tribunal avaliador. No caso de o/a estudante obter unha cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe coas recomendacións oportunas para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación e defensa. Enviaráselle(s) unha copia deste informe á(s) persoa(s) que dirixiron o TFG/TFM.

No caso de o/a autor/a do TFG/TFM non autorizar o depósito e a publicación deste no RUC, entre outras por razóns de confidencialidade, deberá solicitalo previamente ante a correspondente comisión de TFG/TFM, que resolverá en cada caso.

8. Alumnado da EPS que realice o TFG/TFM noutras universidades no marco dun programa de intercambio

O alumnado da EPS que desexar realizar o TFG/TFM noutra universidade, no marco dun programa de intercambio nacional ou internacional, deberá incluír no seu contrato de estudos a realización do TFG/TFM.

A realización do TFG/TFM noutra universidade deberá contar coa aprobación da correspondente comisión de TFG/TFM e do/da director/a do TFG/TFM da universidade de destino.

A documentación complementaria que o alumnado deberá achegar co contrato de estudos será o formulario do Anexo I, que deberá ser entregado na Administración da EPS.

9. Alumnado da EPS que curse o Programa de simultaneidade do Grao en Enxeñería Mecánica e do Grao en Enxeñería Naval e Oceánica.



O alumnado que curse o Programa de simultaneidade do Grao en Enxeñería Mecánica e o Grao en Enxeñería Naval e Oceánica pode realizar o TFG de cada grao de forma independente, seguindo o procedemento descrito nos apartados anteriores, ou pode optar pola realización de dous TFGs ligados.

As propostas dos TFGs ligados deberán estar acompañada dunha descrición detallada do alcance en cada unha das titulacións e deberá ser aprobada pola comisión do programa de simultaneidade. Unha vez aprobadas, estas serán publicadas nunha listaxe independente.

Ferrol, 5 de marzo de 2019



Anexo I

Formulario de solicitude para o alumnado da EPS que realice o TFG/TFM noutras universidades no marco dun programa de intercambio



Formulario de solicitude para o alumnado da EPS que realice o TFG/TFM noutras universidades no marco dun programa de intercambio

Formulario de solicitud para el alumnado de la EPS que realice el TFG/TFM en otras universidades en el marco de un programa de intercambio

Nome/nombre:

Apelidos/apellidos:

Teléfono/teléfono:

Correo electrónico/correo electrónico:

Universidade e centro de destino/Universidad o centro de destino:

Proposta de título de traballo fin de grao ou mestrado/Propuesta de título de trabajo fin de grado o máster:

Breve descripción do TFG/TFM proposto e dos seus obxectivos/Breve descripción del TFG/TFM propuesto y de sus objetivos:

O/a director/a (data e sinatura)/ El/la director/a (fecha y firma): _____

O/a alumno/a (data e sinatura)/ El/la alumno/a (fecha y firma): _____

RESOLUCIÓN/RESOLUCIÓN:

Aceptada

Denegada



OBSERVACIÓNS/OBSERVACIONES:

O/a secretario/a da Comisión de TFG/TFM (data e sinatura)/ El/la secretario/a de la Comisión de TFG/TFM (fecha y firma): _____

PRESIDENTE/A DA COMISIÓN DE TRABALLOS



Application form. EPS students requesting to carry out their TFG/TFM in other universities in the framework of an exchange program

Name:

Surname:

Phone:

E-mail:

Destination University and Centre:

Title suggested:

Short description of the work to be performed and its objectives:

The supervisor (date and signature): _____ The student (date and signature): _____

DECISION:

Accepted

Rejected

OBSERVATIONS:

TFG/TFM Commission. The Secretary (date and signature): _____

CHAIRMAN OF TFG/TFM COMMISSION